



GRUPO PROVINCIAL
V-32244006
xosebaltar@bng.gal

D. Bernardo Varela, D^a María Xosé Mangana e Xosé Manuel Puga en representación do Grupo Provincial do BNG na Deputación de Ourense e ao amparo do artigo 97.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro de 1986, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), presentan a seguintes preguntas para a súa resposta en pleno do 28 de xuño.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2018 os concellos de Bande, Vereá, A Bola, Celanova, Entrimo e Ramirás asinaron un convenio coa Deputación Provincial para a “Renovación de iluminación de instalacións de iluminación exterior en distintos concellos de Ourense” incluído no marco do programa operativo FEDE crecemento sostible.

En Vereá, as obras contratadas pola Deputación na execución de instalación de iluminación pública en distintos núcleos, obras rematadas en 2021.

Desde antes mesmo de rematar as traballos a luminarias orixinaron problemas de funcionamento, debendo ser substituídas algunhas xa durante a execución da obra, e outras posteriormente, asumindo neste último caso o concello tanto o custo da luminarias como a súa instalación, sendo o número de unidades substituídas con cargo a fondos municipais de 40.

O custe de substitución de cada luminaria coa man de obra ascende a 263.91 euros, polo que se leva desembolsado polo concello de Vereá por este concepto aproximadamente 10.5556,40€

Dado que a obra foi contratada pola Deputación provincial, e que as avarías se producen en período de garantía

PREGUNTA

Vai intervir a Deputación provincial ante a empresa adjudicataria para que por parte da mesma asuma estes custos, tendo en conta que non se trata dun feito puntual se non que se producen desde o momento da instalación e continúan producíndose a día de hoxe?

Ourense, 26 de xuño de 2024

Asdo: Bernardo Varela López
Voceiro do grupo provincial do BNG

A Sr PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE